

## CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 27 de febreiro de 2003, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial do convenio colectivo do sector da dobraxe para o ano 2003.*

Visto o texto para a revisión salarial do convenio colectivo do sector da dobraxe, que subscribiu a comisión paritaria do referido convenio o 28 de xaneiro de 2003, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, a Dirección Xeral de Relacións Laborais

### ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la inscrición da devandita revisión salarial no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remiti-lo texto orixinal ó correspondente servicio deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2003.

Pilar Cancela Rodríguez  
Directora xeral de Relacións Laborais

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo do sector da dobraxe da Comunidade Autónoma galega

Asistentes:

-Parte empresarial.

Dolores Ben Pena (AITEGA).

Celestino Hermida González (AITEGA).

Luis Núñez Rojo (AITEGA).

Francisco Rey García (AITEGA).

-Parte social.

Pedro A. Beade Roel (CC.OO.).

Xosé Antón López Rodríguez (CIG).

Patricia Lorenzo González (CC.OO.).

Alfredo Santomil García (CIG).

En Santiago de Compostela, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sendo as 11 horas do día 28 de xaneiro de 2003, reúnen-se as persoas á marxe relacionadas, como membros da comisión paritaria regulada no artigo 42 do convenio colectivo

do sector da dobraxe da Comunidade Autónoma galega, coa seguinte orde do día:

### 1. Revisión salarial para o ano 2003.

Unha vez coñecido o IPC real correspondente ó ano 2002, que ascendeu ó 4%, procédese, en aplicación do establecido no artigo 3 do convenio colectivo en vigor, a aplicar unha revisión salarial para o ano 2003, sobre tódolos conceptos económicos do convenio, do 5%. As cantidades resultantes figuran no anexo desta acta.

Ano 2003

### Artigo 10º.-Desprazamentos e gastos de comida.

Quilómetro de desprazamento: 0,18 €.

Comida: 11,58 €.

Manutención e aloxamento: 57,87 €.

### Artigo 13º.-Táboas mínimas de contratación.

Categorías	Mensual (€)	Hora (€)	Anual (€)
1. Xefe/a de son/vídeo	1.122,33	9,94	15.712,68
2. Técnico de son/vídeo	1.006,95	8,90	14.097,30
3. Operador/a de son/vídeo	829,96	7,34	11.619,47
4. Axudante de son/vídeo	588,95	5,22	8.245,23
5. Técnico de mantemento	911,26	8,05	12.757,69
6. Xefe/a de administración	1.044,81	8,30	14.627,38
7. Oficial administrativo/a	723,46	5,74	10.128,45
8. Auxiliar administrativo/a	604,21	4,79	8.458,97
9. Xefe/a de produción	1.044,81	8,30	14.627,38
10. Axudante de produción	902,57	7,18	12.635,97
11. Auxiliar de produción	604,21	4,79	8.458,97
12. Secretario/a de dirección	604,21	4,79	8.458,97
13. Secretario/a mecanógrafo/a	604,21	4,79	8.458,97
14. Recepción: (telefonista, conserxe, garda, porteiro/a)	604,21	4,79	8.458,97
15. Encargado/a de almacén	604,21	4,79	8.458,97
16. Persoal de limpeza (por hora)		3,70	

### Artigo 30º.-Remuneracións.

#### a) Actores/actrices.

Contratación por obra.

Convocatoria xeral: 31,63 €.

Take: 3,01 €.

Contratación temporal ou indefinida (mensual): 1.002,81 €.

#### b) Directores/as.

Contratación por obra.

Minuto dirección: 3,59 €.

Contratación temporal ou indefinida (mensual): 1.557,49 €.

#### c) Axustadores/as.

Contratación por obra.

Rolo axuste: 27,27 €.

Minuto axuste: 2,72 €.

Contratación temporal ou indefinida (mensual): 1.002,81 €.

### Artigo 37º.-Remuneracións.

#### Tradutores/as.

Contratación por obra.

Folio traducción: 5,02 €.

Contratación temporal ou indefinida (mensual): 1.002,81 €.

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 18 de marzo de 2003 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública anunciada por Orde do 5 de febreiro de 2003.*

Convocada por Orde do 5 de febreiro de 2003 (DOG nº 32, do 14 de febreiro) a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, de conformidade co previsto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na súa nova redacción dada pola leis 4/1991, do 8 de marzo, e 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e no uso das facultades conferidas polo artigo 15.4º da devandita lei. Esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Resolve-la convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Escola Galega de Administración Pública, anunciada pola Orde do 5 de febreiro de 2003 (DOG nº 32, do 14 de febreiro).

Segundo.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ó persoal que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O persoal mencionado deberá tomar posesión no prazo sinalado no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación. De non estima-la interposición deste recurso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2003.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais  
e Administración Pública

#### ANEXO

NRP ou DNI: 7730885513 A2059.

Apelidos e nome: Suárez Rilo, Begoña.

Grupo: D.

Corpo/escala: auxiliar.

Código do posto: PRA010000015770001.

Denominación: secretario/a director.

Nivel C.D.: 18.

Dependencia: Escola Galega de Administración Pública.

Localidade: Santiago de Compostela.

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Orde do 17 de marzo de 2003 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, por Orde do 30 de xaneiro de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* nº 28, do 10 de febreiro), esta consellería, no uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e os artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna,

#### RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ó/a funcionario/a que se expresa no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no actual destino do/a funcionario/a que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data na que debe cesar no seu destino, o/a funcionario/a desfruta dun período de licencia, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ó da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo de tres días a partir do seguinte ó do cesamento, de tratarse da mesma localidade na que actualmente presta os seus servizos o/a funcionario/a, ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido nos artigos 14 e 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo (DOG nº 58, do 25 de marzo).

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro no que cause baixa o/a funcionario/a, así como a daquel no que obteña praza, efectuará, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as dilixencias de cesamento e toma de posesión, respectivamente; acto seguido realizaranse os trámites necesarios para a súa alta na nómina.